

IV CERTAME DE TEATRO AFECCIONADO “CONCELLO DE LOURENZÁ” 2022

BASES

- 1.- A Concellería de Cultura do Concello de Lourenzá (Lugo) convoca o IV CERTAME DE TEATRO AFECCIONADO “CONCELLO DE LOURENZÁ”.
- 2.- Poderán participar unicamente compañías ou grupos de teatro afeccionado e que superen un proceso previo de selección, admitíndose calquera tipo de xénero e empregando preferentemente a lingua galega en calquera das súas variantes dialectais.
- 3.- Os grupos interesados en participar deberán inscribirse ben nas oficinas municipais do Concello de Lourenzá ou ben por correo, enviando a seguinte documentación:
 - Ficha de inscrición que aparece na páxina web do Concello.
 - Fotocopia do CIF do grupo ou compañía.
 - Ficha artística e técnica.
 - DVD ou pendrive coa gravación dunha representación da obra presentada a concurso.

Esta documentación enviarase á seguinte dirección:

Concello de Lourenzá
(IV Certame de teatro afeccionado)
Praza do Conde Santo
27760 Lourenzá (Lugo)

- 4.- O prazo de presentación das solicitudes comezará ao día seguinte da publicación destas bases na web do Concello e rematará o día 30 de setembro de 2022.
- 5.- As representacións terán lugar no edificio multiusos do Concello os sábados e domingos do mes de novembro, establecéndose un máximo de 8 actuacións (a organización, en función da calidade das obras, poderá modificar o número de representacións). O horario das representacións será establecido pola organización.

- 6.- No mes de decembro terá lugar a entrega de premios nunha gala na que haberá unha representación teatral ou musical profesional. Para cada premio o xurado seleccionará tres nominados. Será na gala cando se coñeza o gañador de cada categoría. A nominación será comunicada pola organización aos interesados. Á gala final deberán asistir todos os nominados ou os representantes nos que deleguen.
- 7.- O Concello nomeará un xurado independente que presidirá o edil de Cultura ou a persoa na que delegue. O fallo do xurado será inapelable.
- 8.- Cada grupo ou compañía de teatro seleccionado recibirá a cantidade de 300 euros en concepto de participación, desprazamento, montaxe, etc. (Para recibir a citada cantidade, a compañía ou grupo deberá presentar factura).
- 9.- Establécense os seguintes premios:
- Premio “Conde Santo” á mellor representación: 750 € e trofeo.
 - Premio “Lourenzo” ao mellor actor: trofeo.
 - Premio “Ana” á mellor actriz: trofeo.
 - Premio mellor actor de reparto: trofeo.
 - Premio mellor actriz de reparto: trofeo.
 - Premio á mellor posta en escena: trofeo.
 - Premio especial do público: trofeo.

O xurado, de acordo coa organización, poderá establecer algún premio máis se o considerara oportuno.

- 10.- Os medios técnicos necesarios para a representación correrá a cargo dos participantes.
- 11.- A xestión e o pago á SGAE polos dereitos de autor (se os houbera) correrán a cargo do grupo ou compañía participante no certame.
- 12.- O Concello poderá cobrar unha entrada simbólica en cada representación, que en todo caso aprobará a Xunta de Goberno Local.

13.- Calquera circunstancia non prevista nas presentes bases será resolta de maneira inapelable pola Organización.

14.- Teléfono de Contacto: 982121006 (M^a José)

Organiza:  Concello de Lourenzá

FICHA DE INSCRIPCIÓN

DATOS DA COMPAÑÍA OU GRUPO DE TEATRO:

NOME:

POBOACIÓN:

CIF:

DATOS DE CONTACTO:

NOME E APELIDOS:

DIRECCIÓN:

POBOACIÓN:

CP:

TELÉFONOS:

CORREO ELECTRÓNICO:

DATOS DA MONTAXE:

TÍTULO:

AUTOR:

DURACIÓN:

